

empresas
galegas

Para máis información:

Consellería de Innovación e Industria

**Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información**

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
bloque 5 – 4ª andar
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

Tlfo: 981 545 583

E-mail: axudas.dxpisi@xunta.es

Páxina web: <http://www.conselleriaiei.org>

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outros procedementos, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Consellería de Innovación e Industria, que é o 981 544 341.

O contido deste folleto ten unicamente efectos informativos, cómpre consultar a orde publicada no DOG para obter a información completa.

Investimos no seu futuro:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



UNION EUROPEA
Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional

axudas
a empresas
galegas



en materia
das tecnoloxías
da información
e as comunicacións
(IN520A)

ORDE DE AXUDAS AOS INVESTIMENTOS DAS EMPRESAS EN MATERIA DAS TECNOLOXIAS DA INFORMACION E AS COMUNICACIONS (TIC)

Procedemento administrativo IN520A (DOG nº 8 do 11 de xaneiro de 2008)

Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións as empresas privadas con personalidade xurídica (validamente constituídas no momento de presentación das solicitudes e que realicen actividades con ánimo de lucro), así como os empresarios individuais, que teñan a súa sede social ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, que reúnan os requisitos establecidos en cada un dos tipos de actuación subvencionables definidos na orde de convocatoria.

Non poderán ser beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera tipo de unidade que careza de personalidade xurídica propia, aínda que realice actividade empresarial.

Actuacións subvencionables:

a) Infraestrutura interna das empresas: Implantación ou mellora da rede de datos interna da empresa; tamén recóllense investimentos específicos para as empresas do sector audiovisual.

b) Aplicacións informáticas nas empresas: Implantación de aplicacións informáticas baseadas en código aberto, así como outro software de carácter produtivo.

c) Apoio ao desenvolvemento do sector das TIC: Desenvolvemento de novas aplicacións, produtos ou servizos TIC para a súa comercialización.

d) Formación técnica e promoción do sector das TIC: Asistencia das empresas TIC a foros especializados de carácter técnico, comercial o formativo.

Contía das axudas.

Con carácter xeral, as axudas poderán acadar ata o 40% dos investimentos subvencionables. Esta porcentaxe poderá elevarse cos seguintes incrementos:

Até un 10% adicional, para as solicitudes de código aberto.

Até un 10% adicional, para as solicitudes presentadas por Medianas Empresas

Até un 20% adicional, para as solicitudes presentadas por Pequenas Empresas e Microempresas.

Solicitudes

As solicitudes deberán presentarse no rexistro central da Consellería de Innovación e Industria, ou por calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os formularios da solicitude de axuda cubriranse e obteranse necesariamente polo solicitante a través da aplicación informática "Internet Expres" (procedemento IN520A) establecida na "Oficina Virtual" desta consellería, sita no enderezo da Internet <http://www.conselleriaiei.org>. Tamén se pode acceder desde o enderezo <http://www.xunta.es> da Xunta de Galicia, facendo uso do "Rexistro Telemático" e do enlace dispoñible co procedemento IN520A.

Prazo de presentación

O prazo para a presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia, ata o 15 de febreiro de 2008, ambos inclusive.